

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA.

IES Laxeiro, Lalín

Curso 2019-20

ESA

Ensinanza Básica de Persoas Adultas

Nivel II

Módulos 3 e 4

**Programación do
Ámbito de Comunicación**

(lingua galega e castelá)

ÍNDICE

- 1.- Introducción e contextualización.
- 2.- Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.
 - 2.1. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais.
- 3.- Obxectivos específicos do ámbito de Comunicación.
- 4.- Temporalización dos estándares de aprendizaxe avaliáveis, grao mínimo de consecución destes e procedementos e instrumentos de avaliación para cada curso.
- 5.- Metodoloxía.
- 6.- Criterios de cualificación
- 7.-Materiais e recursos.
- 8.- Medidas de atención á diversidade
- 9.- Elementos transversais

1. Introducción e contextualización.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modifica distintos aspectos da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, considera a educación como unha aprendizaxe permanente que se desenvolve ao longo de toda a vida. En coherencia con este principio, a lei dedica o capítulo IX do seu título I á educación das persoas adultas e establece, no seu artigo 66, que esa educación ten a finalidade de ofrecer a todos os maiores de dezoito anos a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Na educación secundaria obrigatoria para persoas adultas, o ámbito de Comunicación toma como referente os aspectos básicos do currículo referidos ás materias de linguas: lingua galega e lingua castelá, ademais de lingua estranxeira, recollidos na **ORDE do 20 de marzo de 2019 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia**. O obxectivo fundamental é desenvolver as competencias comunicativas das persoas adultas nun estudo coordinado das distintas linguas coa finalidade de posibilitarlles unha inserción activa e responsable na sociedade e, asemade, contribuír ao seu desenvolvemento persoal.

As linguas son instrumentos de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. Asemade, achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais, favorecendo a competencia plurilingüe e intercultural. A aprendizaxe lingüística non pode, pois, ser un fin en si mesma; unha lingua non se aprende para falar, ler ou escribir sobre ela, senón para falar, ler e escribir sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento do outro, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Deste xeito, a lingua é non só unha parte importante da cultura senón tamén o medio de acceso ás manifestacións culturais e o instrumento co que a cultura se crea, se interpreta e se transmite.

Na procura dese obxectivo, buscaremos un reforzamento dos procedementos, tendo en conta as capacidades individuais das que se parte de inicio, pois a heteroxeneidade de alumnado que acode á aula provoca moitas diferenzas de nivel. Incidirase no recoñecemento e na comprensión de textos, así como na composición ou elaboración de textos escritos ou expositivos, para así reforzar ou adquirir a competencia lingüística axeitada para enfrontarse aos problemas comunicativos de cada día.

Tampouco debemos esquecer que na educación das persoas adultas, o currículo do ámbito de Comunicación debe ter en conta o saber do que parte o alumnado, todo un conxunto de experiencias e de coñecementos adquiridos ao longo da súa traxectoria vital, na situación familiar, na experiencia laboral e noutros ámbitos, así como o grao de madurez que presenta.

O desafío ao que se enfronta este currículo é claro: procuramos que melloren os procedementos de adquisición do que denominamos bens culturais e o seu hábito comunicativo, o que levará consigo unha mellora da súa cualificación persoal, social e cultural.

Contextualización.

No IES Laxeiro impartiranse este curso os módulos III e IV do nivel II e, o Ámbito de Comunicación será impartido por dous profesores, un dará lingua galega e castelá e outro a lingua estranxeira. No módulo III, de momento o único no que hai matrícula, coma todos os anos haberá unha gran heteroxeneidade de alumnado, pois un grupo son persoas xa dunha certa idade e outro alumnos de 16 a 18 anos que non deron acabado a ESO no réxime ordinario evan a adultos para rematar.

Neste contexto, procurarase motivalos a todos e conseguir preparamos bem para continuar estudos ou para incorporarse ao mundo laboral.

2.- Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.

Os contidos do ámbito da comunicación fan referencia á comprensión, interpretación e expresión da linguaxe verbal; os recursos e as características da comunicación oral e escrita en diferentes situacións, con interlocutores e fins diversos; o coñecemento da lingua: as normas ortográficas, as clases de palabras, relacións sintácticas e semánticas, as variedades lingüísticas, os usos discursivos da linguaxe e a tipoloxía textual; os conceptos básicos da sociolingüística e o coñecemento da situación sociolingüística de Galicia; as etapas, os autores, as obras e os xéneros máis representativos das literaturas en lingua galega e en lingua castelá.

O ámbito da comunicación preséntase, en cada módulo, dividido en cinco bloques:

O bloque 1 «Comunicación oral: escoitar e falar» atende o uso oral das linguas galega e castelá. Nel procúrase que o alumnado adquira as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas propias ideas, realizar discursos elaborados de acordo cunha situación comunicativa, e escoitar activamente, interpretando de xeito correcto as ideas dos demais.

O bloque 2 «Comunicación escrita: ler e escribir» persegue que o alumnado sexa quen de entender e producir textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos, en distintos soportes e formatos, en lingua galega e en lingua castelá.

O bloque 3 «Funcionamento da lingua» responde á necesidade de reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que regulan a comunicación e arrédase da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmos para devolverlles a súa funcionalidade orixinal: servir de base para o uso correcto da lingua.

O bloque 4 «Lingua e sociedade» céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüísmo como unha situación habitual e enriquecedora de todos os individuos. Asemade, incide na identificación e superación de prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos e os aplique á situación das linguas en Galicia.

O bloque 5 «Educación literaria» asume o obxectivo de facer do alumnado lectores/as cultos/as e competentes, implicados/as nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. É un marco conceptual que alterna a lectura, a comprensión e a interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madurez cognitiva, coa de textos literarios e obras completas representativas da literatura en lingua galega e en lingua castelá.

O ámbito da comunicación participa, como non podía ser doutro xeito, no desenvolvemento das competencias clave de educación secundaria.

– Comunicación lingüística (CCL).

A aprendizaxe das habilidades lingüísticas e comunicativas garanten o manexo efectivo da comunicación no plano persoal, académico, social e profesional. O obxectivo último é a comprensión e expresión oral e escrita de diferentes tipos de textos de acordo coa intención e co contexto comunicativos.

– Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

A linguaxe é, así mesmo, a base para a comprensión de termos e conceptos técnicos e o instrumento para desenvolver o razoamento lóxico matemático e o pensamento científico.

– Competencia dixital (CD).

A formación neste ámbito proporciona coñecementos sobre a linguaxe dixital básica e permite desenvolver as destrezas necesarias para o acceso e tratamento da información dixital e o manexo de aplicacións e outros recursos informáticos.

– Aprender a aprender (CAA).

O ámbito da comunicación capacita para realizar un proceso reflexivo de aprendizaxe por ser a linguaxe un instrumento necesario para pensar, planificar, analizar e reaxustar o proceso e avaliar o resultado. Amais, potencia a adquisición de técnicas de estudo básicas e de estratexias para unha aprendizaxe autónoma, eficaz e permanente ao longo da vida: uso de dicionarios, elaboración de esquemas e mapas conceptuais e as habilidades de síntese e resumo de todo tipo de textos.

– Competencias sociais e cívicas (CSC).

Os contidos deste ámbito contribúen a desenvolver as destrezas lingüísticas e comunicativas necesarias para interpretar fenómenos e problemas sociais, para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como a capacidade de relacionarse de maneira construtiva en diferentes contornos sociais e culturais, aplicando as normas sociolingüísticas para o intercambio comunicativo, inspirando confianza e amosando unha actitude respectuosa conforme a principios democráticos.

O ensino das linguas dentro deste ámbito debe contribuír á utilización e mellora de prácticas igualitarias no uso da linguaxe e á ampliación do repertorio lingüístico do alumnado, de maneira que poida desenvolverse con éxito en distintos contornos sociais.

– Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Este ámbito permite adquirir as competencias lingüísticas e comunicativas indispensables para xestionar os propios coñecementos, habilidades e actitudes de forma creativa e innovadora e con criterio propio.

Aprender a usar as linguas é aprender a utilizar estratexias adecuadas a cada situación comunicativa de maneira autónoma. Deste xeito, o desenvolvemento de habilidades lingüísticas contribúe ao fomento da autonomía e iniciativa persoal.

– Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O ámbito da comunicación proporciona ao alumnado estratexias para coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico e cunha actitude aberta e respectuosa as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e considéralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Os usos lingüísticos reflicten as actitudes cara ás linguas e os seus falantes, cara á diversidade lingüística e é obxectivo deste ámbito o desenvolvemento de actitudes positivas ante esta diversidade, así como a erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.

O tratamento dos contidos que integran o ámbito de comunicación ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten con estas competencias clave.

2.1. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliábeis que forman parte dos perfís competenciais.

MÓDULO III.

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.	
B1.1.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	CCL
B1.1.2. Recoñece a intención comunicativa dos textos.	CCL.
B1.1.3. Diferencia as explicacións dos argumentos.	CCL, CAA
B1.2.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral.	CCL, CAA, CSC

B1.3.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, reconece os erros de produción oral e propón solucións para melloralas.	CCL, CAA
B1.3.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar coa pronuncia da lingua galega.	CAA
B1.3.3. Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	CCL CCEC
B1.4.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.	CCL CAA
B1.4.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais utilizando unha linguaxe correcta e rica.	CCL
B1.4.3. Reconece e avalía erros nos discursos orais propios e alleos e trata de evitalos.	CCL CAA
B1.5.1. Participa en conversas informais nas cales intercambia información e expresa a súa opinión.	CCL, CSC, CSIEE CCEC
B1.5.2. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado a cada situación comunicativa.	CCL, CSC
B1.5.3. Realiza exposicións educativas sinxelas.	CCL
B1.6.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	CD, CAA, CSIEE
B1.6.2. Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación para facer de maneira visual as súas presentacións máis claras e atractivas.	CD, CCL, CSC
B1.7.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.	CCL CAA
B1.7.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.	CCL CSC
B1.8.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	CCL, CAA, CSC CSIEE
Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir.	
B2.1.1. Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes.	CCL
B2.1.2. Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	
B2.2.1. Analiza textos literarios, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.	
B2.3.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto expositivo ou argumentativo.	CCL
B2.3.2. Reconece a intención comunicativa dos textos	
B2.3.3. Diferencia as explicacións dos argumentos.	
B2.4.1. Produce textos expositivos e argumentativos elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.	CCL, CD
B2.5.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.	CCL CCEC
B2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores da internet para obter, organizar e seleccionar información.	CCL, CAA CD
B2.7.1. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	CCL
B2.7.2. Reconece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	CCL, CSC
B2.8.1. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados.	CCL, CAA
B2.8.2. Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seus escritos.	
B2.8.3. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.	

B2.8.4. Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión internas do texto.	CCL
B2.8.5. Revisa os textos para resolver dificultades de contido e de forma.	CCL, CAA
B2.9.1. Usa as tecnoloxías da información e da comunicación (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.	CCL CD
Bloque 3: Funcionamento da lingua	
B3.1.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	
B3.2.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual e sintáctica.	
B3.2.2. Revisa os textos para puntuar correctamente.	
B3.3.1. Analiza e usa correctamente as normas de acentuación.	
B3.4.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais.	CCL. CAA.
B3.4.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoos coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.	
B3.5.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos, adxectivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.	
B3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	
B3.7.1. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	CCL.
B3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	
B3.9.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto.	
B3.10.1. Identifica e explica as relacións semánticas: sinonimia e antonimia.	CCL
B3.10.2. Emprega un vocabulario amplo e preciso utilizando os recursos proporcionados pola sinonimia.	
Bloque 4: Lingua e sociedade	
B4.1.1. Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega.	CCL
B4.2.1. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	CCL CSC CD
B4.2.2. Identifica as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	
B4.2.3. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das tecnoloxías da información e da comunicación, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	
B4.3.1. Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	CCL CSC
B4.3.2. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción nos diferentes ámbitos.	
B4.4.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos cara á lingua galega na súa práctica lingüística e na do seu contorno.	
Bloque 5: Educación literaria	

B5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos das literaturas en galego e en castelán desde as súas orixes ata o século XX.	CCL.
B5.1.2. Sinala os principais trazos característicos dos distintos períodos das literaturas galega e castelá desde a Idade Media ata o século XX.	
B5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX para a súa lectura.	
B5.2.2. Le e comenta de xeito autónomo obras ou textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período correspondente.	
B5.2.3. Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos definitorios e ponos en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s).	
B5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	CCL
B5.4.1. Elabora traballos individuais e/ou colectivos, nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	CCL.CD.
B5.5.1. Consulta fontes de información para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.	CCL.CD.
B5.5.2. Emprego de diferentes recursos básicos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes.	
B5.6.1. Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula.	CCL, CCEC.
B5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os propios sentimentos.	

MÓDULO IV.

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.	
B1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias, debates ou declaracións, determina o tema e reconece a intención comunicativa do falante.	CCL
B1.1.2. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias e debates procedentes dos medios de comunicación e reconece a validez dos argumentos.	
B1.2.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.	CCL,CAA
B1.2.2. Reconece os procedementos lingüísticos para manifestarse a prol ou en contra dunha opinión ou posición.	CCL,CAA
B1.3.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.	CCL
B1.3.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.	CCL CSC
B1.3.3. Reconece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	CCL CSC CSIEE
B1.4.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL CSC
B1.5.1. Reconece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros de fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.	CCL, CAA

B1.6.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	CCL, CSC, CAA CSIEE
Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir.	
B2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).	CCL CCA
B2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.	CCL.
B2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.	
B2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.	
B2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.	CCL CAA
B2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.	CCL
B2.2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación.	CCL CSC
B2.3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.	CCL CD
B2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas.	CCL
B2.4.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	
B2.4.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.	CCL, CSC
B2.5.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).	
B2.5.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.	
B2.6.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	
B2.6.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade.	CCL, CSC
B2.7.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais).	
B2.7.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.	
B2.7.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.	CCL.
B2.7.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicarlas correctamente.	CCL CD
B2.7.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.	CCL
B2.8.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación.	
B2.9.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.	CCL,CD,CSC
B2.10.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	CCL,CSC, CCEC

Bloque 3: Funcionamento da lingua	
B3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.	
B3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.	
B3.2.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.	
B3.2.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica.	CCL, CAA
B3.2.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.	CCL.
B3.2.4. Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega.	
B3.3.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao fonema /n/ velar.	CCL,CAA
B3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá nos discursos orais e escritos.	
B3.4.2. Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	CCL.
B3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión sintáctica.	
B3.6.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.	CCL CAA
B3.6.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.	CCL
B3.6.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica.	
B3.6.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado.	
B3.6.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta	CCL
B3.7.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e conclusión, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	CCL CAA
B3.8.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas.	CCL
B3.8.2. Xustifica con argumentos a división en parágrafos de textos propios e alleos.	CCL, CAA
B3.8.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos.	CCL
B3.8.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.	
B3.9.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual.	CCL CAA
B3.9.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.	CCL
B3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA
B3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL CAA
Bloque 4: Lingua e sociedade	
B4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.	CCL CCEC
B4.2.1. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura.	CCL
B4.3.1. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.	CCL, CSC.
B4.4.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.	

B4.4.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.	
B4.5.1. Identifica os procedementos de normalización.	CCL
B4.5.2. Distingue normativización e normalización.	
B4.5.3. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.	CCL CSC
B4.6.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.	CCL
B4.6.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.	CCL CCEC
B4.7.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.	CCL, CSC
B4.7.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos con argumentos.	
B4.8.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.	
B4.8.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega.	CCL
B4.8.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora. Recoñece interferencias habituais entre as dúas linguas oficiais.	
B4.8.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica.	CCL, CSC
B4.8.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas.	
Bloque 5: Educación literaria	
B5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	CCL
B5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	
B5.2.1. Le de xeito autónomo obras ou textos representativos das literaturas galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	
B5.2.2. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	
B5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	
B5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español do século XX e XXI.	
B5.4.1. Elabora traballos individuais e/ou colectivos nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	
B5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.	
B5.5.2. Emprego de diferentes recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destes.	CCL CD
B5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula.	CCL CCEC
B5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	CCL CCEC

3. Obxectivos específicos do ámbito de comunicación nos módulos III e IV.

No ámbito de Comunicación, ademais da contribución ao logro dos obxectivos xerais da Educación Secundaria, os obxectivos específicos que se pretende conseguir son o desenvolvemento das seguintes actividades e competencias comunicativas:

1. Comprender discursos orais e escritos en galego e castelán nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.
2. Expresarse oralmente nas dúas linguas de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
3. Expresarse por escrito nas dúas linguas de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.
4. Utilizar eficazmente as dúas linguas na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.
5. Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
6. Aplicar con progresiva autonomía os coñecementos das dúas linguas e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar en ambas con adecuación, coherencia e corrección.
7. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.
8. Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.
9. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
10. Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
11. Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
12. Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario galego e castelán e valoralo.

4.- Temporalización dos estándares de aprendizaxe avaliábeis, grao mínimo de consecución destes e procedementos e instrumentos de avaliación para cada curso.

MÓDULO III. Só se fan dúas avaliacións.

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOSESTÁNDARES.	TEMPORALIZACIÓN		PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
		1ª AV	2ª AV.	P: PROCEDEMENTO I: INSTRUMENTO
B1.1.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	B1.1.1. Identifica as ideas principais e algunhas secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	X	X	P1: Probas escritas de comprensión oral (sobre audicións ou lecturas en voz alta) con preguntas test, preguntas de resposta curta ou realización de resumos e esquemas. I1: Rexistro cuantitativo das probas de comprensión oral.
B1.1.2. Recoñece a intención comunicativa dos textos.	B1.1.2. Normalmente recoñece a intención comunicativa dos textos.	X	X	P1. I1.
B1.1.3. Diferencia as explicacións dos argumentos.	B1.1.3. Diferencia, en xeral, as explicacións dos argumentos.		X	P1 I1
B1.2.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral.	B1.2.1. Coñece e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral.	X	X	P1. I1.
B1.3.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral e propón solucións para melloralas.	B1.3.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, e soe recoñecer os erros de produción oral procurando mellorar.	X	X	P1. I1.
B1.3.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar coa pronuncia da lingua galega.	B1.3.2. Normalmente, comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar coa pronuncia da lingua galega.	X	X	P1. I1.
B1.3.3. Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	B1.3.3. Se a ten, usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	X	X	P1. I1.
B1.4.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.	B1.4.1. Tenta elaborar guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.	X	X	P1 I1
B1.4.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais utilizando unha linguaxe correcta e rica.	B1.4.2. Participa con certa fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais utilizando unha linguaxe correcta.	X	X	P1 I1
B1.4.3. Recoñece e avalía erros nos discursos orais propios e alleos e trata de evitalos.	B1.4.3. Recoñece erros nos discursos orais propios e alleos e trata de evitalos.		X	P1 I1
B1.5.1. Participa en conversas informais nas cales intercambia información e expresa a súa opinión.	B1.5.1. Participa en conversas informais nas cales intercambia información e expresa a súa opinión de xeito sinxelo.	X	X	P2. Observación sistemática do traballo previo do alumno na aula e das súas intervencións orais espontáneas e planificadas (exposicións, debates...) I2. Rúbrica.
B1.5.2. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado a cada situación comunicativa.	B1.5.2. Tenta utilizar o rexistro lingüístico axeitado a cada situación comunicativa.	X	X	P2 I2.
B1.5.3. Realiza exposicións educativas sinxelas.	B1.5.3. Realiza exposicións educativas breves e sinxelas.	X	X	P2 I2
B1.6.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	B1.6.1. Consulta os medios de información dixitais e procura seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.		X	P2 I2
B1.6.2. Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación para facer	B1.6.2. Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación para	X	X	P2 I2

de maneira visual as súas presentacións máis claras e atractivas.	facen presentacións moi sinxelas.			
B1.7.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.	B1.7.1. Desenvolve argumentos de forma medianamente comprensible.		X	P2 I2
B1.7.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.	B1.7.2. Aplica habitualmente as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e reconece a necesidade de empregar unha linguaxe non discriminatoria.	X	X	P2 I2
B1.8.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	B1.8.1. Identifica os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais.		X	P2 I2
Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir.				
B2.1.1. Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes.	B2.1.1. Compara textos literarios e non literarios e describe algunhas diferenzas e similitudes.	X	X	P3. Probas escritas /orais de comprensión lectora de obras ou textos breves traballados na aula con preguntas test, de resposta curta, ou realización de resumos, esquemas. I3. Rexistro cuantitativo das probas escritas ou orais de comprensión lectora. P4. Traballos, comentarios, exercicios de aula. I4: Rexistro cuantitativo dos comentarios, traballos...
B2.1.2. Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	B2.1.2. Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir das características máis xerais.	X	X	P3 e P4 I3 e I4
B2.2.1. Analiza textos literarios, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.	B2.2.1. Analiza de xeito moi sinxelo textos literarios, identifica algúns trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos máis habituais.	X	X	P3 e P4 I3 e P4
B2.3.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto expositivo ou argumentativo.	B2.3.1. Identifica as ideas principais e algunhas secundarias dun texto expositivo ou argumentativo.	X	X	P3 e P4 I3 e I4
B2.3.2. Reconece a intención comunicativa dos textos.	B2.3.2. Normalmente, reconece a intención comunicativa dos textos.	X	X	P3 e P4 I3 e I4
B2.3.3. Diferencia as explicacións dos argumentos.	B2.3.3. Soe diferenciar as explicacións dos argumentos.	X	X	P4 I4
B2.4.1. Produce textos expositivos e argumentativos elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.	B2.4.1. Produce textos expositivos e argumentativos breves e sinxelos elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.	X	X	P4 I4 P5. Parte de Producción textual en Exames. I5. Rexistro cuantitativo dos exames.
B2.5.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.	B2.5.1. Coñece os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.		X	P4 e P5 I4 e I5

B2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores da internet para obter, organizar e seleccionar información.	B2.6.1. Aplica con axuda o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores da internet para obter, organizar e seleccionar información.	X	X	P4 I4
B2.7.1. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	B2.7.1. Identifica e expresa brevemente posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.		X	P4 e P5 I4 e I5
B2.7.2. Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	B2.7.2. Normalmente, recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias.		X	P4 I4
B2.8.1. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados.	B2.8.1. Tenta planificar a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados.	X	X	P4 I4
B2.8.2. Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seus escritos.	B2.8.2. Redacta borradores e fai esquemas sinxelos para planificar e organizar os seus escritos.	X	X	P4 I4
B2.8.3. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.	B2.8.3. Normalmente utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.		X	P3 E P4 I3 E I4
B2.8.4. Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión internas do texto.	B2.8.4. Usa algúns elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión internas do texto.	X	X	P4,P5 I4,I5
B2.8.5. Revisa os textos para resolver dificultades de contido e de forma.	B2.8.5. Habitualmente revisa os textos para resolver dificultades de contido e de forma.	X	X	P4 I4
B2.9.1. Usa as tecnoloxías da información e da comunicación (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.	B2.9.1. Ás veces usa as tecnoloxías da información e da comunicación (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.	X	X	P4 I4
Bloque 3 . Funcionamento da lingua.				
B3.1.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	B3.1.1. Aplica correctamente a maioría das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	X	X	P.5: Parte de gramática en exames. (2 por avaliación) I.5.Rexistros cuantitativos para a recollida de puntuacións dos exames. P5 e I5
B3.2.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual e sintáctica.	B3.2.1. Analiza e usa aceptablemente a puntuación de acordo coa cohesión textual e sintáctica.	X	X	P4 e P5 I4 e I5
B3.2.2. Revisa os textos para puntuar correctamente.	B3.2.2. Adoita revisar os textos para puntuar correctamente.	X	X	P4 I4
B3.3.1. Analiza e usa correctamente as normas de acentuación.	B3.3.1. Soe usar correctamente as normas de acentuación.	X	X	P4, P5 I4, I5
B3.4.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais.	B3.4.1. Produce textos orais e escritos breves de diferentes xéneros cun uso aceptablemente correcto das distintas categorías gramaticais.	X	X	P4, P5 I4, I5
B3.4.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoos	B3.4.2. Identifica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoos	X	X	P4 e P5 I4 e I5

coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.	coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.			
B3.5.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos, adxectivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.	B3.5.1. Coñece e utiliza aceptablemente substantivos, adxectivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.	X	X	P4 e P5 I4 e I5
B3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	B3.6.1. Identifica os usos e valores dos determinantes, e normalmente relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.	X	X	P4 e P5 I4 e I5
B3.7.1. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	B3.7.1. Identifica os usos e valores dos pronomes e normalmente relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.	X	X	P4 e P5 I4 e I5
B3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	B3.8.1. Identifica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e normalmente relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.		X	P4 e P5 I4 e I5
B3.9.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto.	B3.9.1. Identifica e usa algúns conectores que lle proporcionan cohesión a un texto.	X	X	P4 e P5 I4 e I5
B3.10.1. Identifica e explica as relacións semánticas: sinonimia e antonimia.	B3.10.1. Normalmente identifica as relacións semánticas: sinonimia e antonimia.		X	P4 , p5 I4 , I5
B3.10.2. Emprega un vocabulario amplo e preciso utilizando os recursos proporcionados pola sinonimia.	B3.10.2. Amplía o seu vocabulario utilizando os recursos proporcionados pola sinonimia.	X	X	P1 , P4 , p5 I1 , I4 , I5

Bloque 4: Lingua e sociedade

B4.1.1. Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega.	B4.1.1. Recoñece algúns elementos na orixe e formación da lingua galega.	X	X	P4 I4 P.5: Exames: cuestións de sociolingüística- I.5Rexistro de avaliación cuantitativo para a recollida de puntuacións dos exames.
B4.2.1. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	B4.2.1. Recoñece os acontecementos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	X		P4, P5 I4, I5
B4.2.2. Identifica as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	B4.2.2. Identifica algunhas causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	X		P4, P5 I4, I5
B4.2.3. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das tecnoloxías da información e da comunicación, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	B4.2.3. Interpreta aceptablemente gráficos, táboas, textos e información dos medios e das tecnoloxías da información e da comunicación, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	X	X	P4, P5 I4, I5

B4.3.1. Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	B4.3.1. Coñece algunha lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	X		P4, P5 I4, I5
B4.3.2. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción nos diferentes ámbitos.	B4.3.2. Coñece parte da lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción nos diferentes ámbitos.		X	P4, P5 I4, I5
B4.4.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos cara á lingua galega na súa práctica lingüística e na do seu contorno.	B4.4.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta algúns prexuízos cara á lingua galega na súa práctica lingüística e na do seu contorno.		X	P4, P5 I4, I5
5. Educación literaria.				
B5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos das literaturas en galego e en castelán desde as súas orixes ata o século XX.	B5.1.1. Identifica aceptablemente as distintas épocas e períodos das literaturas en galego e en castelán desde as súas orixes ata o século XX.	X		P4, P5 I4, I5
B5.1.2. Sinala os principais trazos característicos dos distintos períodos das literaturas galega e castelá desde a Idade Media ata o século XX.	B5.1.2. Sinala algúns trazos característicos dos distintos períodos das literaturas galega e castelá desde a Idade Media ata o século XX.	X	X	P4, P5 I4, I5
B5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX para a súa lectura.	B5.2.1. Selecciona con axuda do profesor textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX para a súa lectura.	X	X	P3, P4 I3, I4
B5.2.2. Le e comenta de xeito autónomo obras ou textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período correspondente.	B5.2.2. Le e comenta de xeito autónomo e de maneira moi sinxela obras ou textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX, resume o seu contido e sinala algúns trazos característicos definitorios.	X	X	P4 e P3 I4 e I3
B5.2.3. Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos definitorios e ponos en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s).	B5.2.3. Compara con axuda textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos.	X	X	P4 I4
B5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	B5.3.1. Le con certa expresividade e comprensión textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	X	X	P3 I3
B5.4.1. Elabora traballos individuais e/ou colectivos, nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	B5.4.1. Elabora traballos individuais e/ou colectivos sinxelos, nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	X	X	P4 I4

B5.5.1. Consulta fontes de información para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.	B5.5.1. Consulta algunhas fontes de información para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.	X	X	P4 I4
B5.5.2. Emprego de diferentes recursos básicos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes.	B5.5.2. Emprego dalgún recurso básico das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes.	X	X	P4 I4
B5.6.1. Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula.	B5.6.1. Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo de modelos traballados na aula.	X	X	P4 I4
B5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os propios sentimentos.	B5.6.2. Desenvolve progresivamente o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os propios sentimentos.	X	X	P2 I2

MODULO IV. Só se fan dúas avaliacións.

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar				
ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES .	TEMPORALIZACIÓN		PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
		1ª AV	2ª AV.	P: PROCEDEMENTO I: INSTRUMENTO
B1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias, debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do falante.	B1.1.1. Normalmente, comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e algúns argumentos de noticias, debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do falante.	X	X	P1: Probas escritas de comprensión oral (sobre audicións ou lecturas en voz alta) con preguntas test, preguntas de resposta curta ou realización de resumos e esquemas. I1: Rexistro cuantitativo das probas de comprensión oral.
B1.1.2. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias e debates procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos.	B1.1.2. Analiza cun mínimo de capacidade crítica tanto a forma como o contido de noticias e debates procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos.		X	P1. I1.
B1.2.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.	B1.2.1. Soe identificar a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.	X	X	P1 I1
B1.2.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a prol ou en contra dunha opinión ou posición.	B1.2.2. Recoñece algúns procedementos lingüísticos para manifestarse a prol ou en contra dunha opinión ou posición.		X	P1. I1.
B1.3.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.	B1.3.1. Identifica algúns recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.	X	X	P1. I1.
B1.3.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.	B1.3.2. Coñece e normalmente aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.	X	X	P2. Observación sistemática do traballo previo do alumno na aula e das súas intervencións orais espontáneas e planificadas (exposicións, debates...) I2. Rúbrica.
B1.3.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	B1.3.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo).	X	X	P2 I2.
B1.4.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.4.1. Produce breves textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con relativa coherencia, cohesión e corrección.	X	X	P2 I2
B1.5.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros de fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.	B1.5.1. Recoñece algúns erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, erros de fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.	X	X	P2 I2
B1.6.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos	B1.6.1. Recoñece os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais.	X	X	P2 I2

demais e enriquecerse como persoa.				
Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir.				
B2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).	B2.1.1. Emprega algunhas pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, esquemas).	X	X	P3. Probas escritas /orais de comprensión lectora de obras ou textos breves traballados na aula con preguntas test, de resposta curta, ou realización de resumos, esquemas. I3. Rexistro cuantitativo das probas escritas ou orais de comprensión lectora. P4. Traballos, comentarios, exercicios de aula. I4. Rexistro cuantitativo dos comentarios, traballos...
B2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.	B2.1.2. Normalmente aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.	X	X	P3 e P4 I3 e I4
B2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.	B2.1.3. Elabora un esquema de ideas dun texto, procurando identificar principais e secundarias.		X	P3 e P4 I3 e P4
B2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.	B2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos.	X	X	P3 e P4 I3 e P4
B2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.	B2.1.5. Entende o significado de algunhas palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.	X	X	P3 e P4 I3 e P4
B2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.	B2.2.1. Identifica a intención comunicativa, normalmente o tema e ás veces os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.	X	X	P3 e P4 I3 e P4
B2.2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación.	B2.2.2. Normalmente comprende e interpreta textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación.		X	P3 e P4 I3 e P4
B2.3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.	B2.3.1. Normalmente comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.	X	X	P3 e P4 I3 e P4
B2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas.	B2.3.2. Soe interpretar con corrección a información de mapas e gráficas.		X	P3 e P4 I3 e P4
B2.4.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	B2.4.1. Diferencia algúns trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.		X	P3 e P4 I3 e P4
B2.4.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre	B2.4.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e normalmente	X	X	P3 e P4 I3 e P4

información, opinión e persuasión.	distingue entre información, opinión e persuasión.			
B2.5.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).	B2.5.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e algunhas implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).		X	P3 e P4 I3 e P4
B2.5.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.	B2.5.2. Reflexiona ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.		X	P3 e P4 I3 e P4
B2.6.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	B2.6.1. Reflexiona con axuda do profesor/a sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	X	X	P3 e P4 I3 e P4
B2.6.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade.	B2.6.2. Detecta algúns prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade.		X	P3 e P4 I3 e P4
B2.7.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais).	B2.7.1. Utiliza algunha técnica de planificación para organizar o seu discurso (esquemas, mapas conceptuais).	X	X	P3,P4 I3,I4
B2.7.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.	B2.7.2. Utiliza normalmente o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual.		X	P3,P4 I3,I4
B2.7.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.	B2.7.3. Ordena aceptablemente ben as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.		X	P3,P4 I3,I4
B2.7.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicarlas correctamente.	B2.7.4. Coñece a maioría das regras ortográficas e das normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicarlas correctamente.	X	X	P3,P4 I3,I4
B2.7.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.	B2.7.5. Soe revisar os seus textos para comprobar que a organización dos contidos é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.	X	X	P4 I4
B2.8.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación.	B2.8.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido dadas nun modelo, e en soporte tanto impreso como dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación.		X	P4 I4 P5. Parte de Producción textual en Exames. I5. Rexistro cuantitativo dos exames.
B2.9.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.	B2.9.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, breves cartas á dirección e columnas de opinión.		X	P4, I4
B2.10.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	B2.10.1. Recoñece os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.		X	P4 I4

Bloque 3: Funcionamento da lingua				
B3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.	B3.1.1. Recoñece e usa un léxico preciso de diferentes categorías gramaticais.	X	X	P.5: Parte de gramática en exames. (2 por avaliación) I.5.Registro cuantitativo para a recollida de puntuacións dos exames. P5 e I5
B3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.	B3.1.2. Recoñece e usa algunha fraseoloxía da lingua galega nas súas producións orais e escritas.		X	P4 e P5 I4 e I5
B3.2.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.	B3.2.1. Normalmente recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.		X	P4 e P5 I4 e I5
B3.2.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica.	B3.2.2. Sabe como crear palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica.		X	P4 e P5 I4 e I5
B3.2.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.	B3.2.3. Recoñece os valores dalguns prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.		X	P4 e P5 I4 e I5
B3.2.4. Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega.	B3.2.4. Identifica a procedencia grega ou latina dos prefixos e sufixos máis habituais no uso da lingua galega.		X	P4 e P5 I4 e I5
B3.3.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao fonema /n/ velar.	B3.3.1. Recoñece e normalmente usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao fonema /n/ velar.	X	X	P2 I2
B3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá nos discursos orais e escritos.	B3.4.1. Aplica correctamente a maioría das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá nos discursos orais e escritos.	X	X	P2, P4, P5 I2, I4, I5
B3.4.2. Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	B3.4.2. Recoñece o valor funcional das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	X	X	P4 e P5 I4 e I5
B3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión sintáctica.	B3.5.1. Analiza e usa normalmente con corrección a puntuación de acordo coa cohesión sintáctica.		X	P4 e P5 I4 e I5
B3.6.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.	B3.6.1. Recoñece os tipos de enunciados e identifica a súa palabra nuclear.		X	P4 e P5 I4 e I5
B3.6.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.	B3.6.2. Normalmente recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e a maioría dos seus complementos.		X	P4 e P5 I4 e I5
B3.6.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica.	B3.6.3. Adoita respectar a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica.		X	P4 e P5 I4 e I5
B3.6.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado.	B3.6.4. Clasifica con bastante acerto oracións segundo a natureza do predicado.		X	P4 e P5 I4 e I5
B3.6.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.	B3.6.5. Soe usar a terminoloxía sintáctica correcta.		X	P4 e P5 I4 e I5
B3.7.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e conclusión, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	B3.7.1. Recoñece, e usa algúns nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e conclusión, así como algúns mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	X	X	P4 e P5 I4 e I5

B3.8.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas.	B3.8.1. Identifica ás veces a estrutura do texto, en construcións propias e alleas.	X	X	P4 e P5 I4 e I5
B3.8.2. Xustifica con argumentos a división en parágrafos de textos propios e alleos.	B3.8.2. Xustifica con argumentos aínda que non sempre correctos a división en parágrafos de textos propios e alleos.	X	X	P4 e P5 I4 e I5
B3.8.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos.	B3.8.3. Identifica a miúdo a progresión temática en textos propios e alleos.	X	X	P4 e P5 I4 e I5
B3.8.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.	B3.8.4. Elabora textos normalmente cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.	X	X	P4 e P5 I4 e I5
B3.9.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual.	B3.9.1. Normalmente é quen de xustificar a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual.	X	X	P4 e P5 I4 e I5
B3.9.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.	B3.9.2. Elaborabrevs producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.	X	X	P4 e P5 I4 e I5
B3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	B3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, habitualmente evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	X	X	P4 I4
B3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	B3.11.1. Procura utilizar os coñecementos lingüísticos desenvolvidos no curso nunha das linguas para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	X	X	P4 I4

Bloque 4: Lingua e sociedade

B4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.	B4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, e sabe defender a súa postura.	X		P4 I4 P.5: Exames: cuestións de sociolingüística- I.5Rexistro de avaliación cuantitativo para a recollida de puntuacións dos exames.
B4.2.1. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura.	B4.2.1. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade.	X		P4, P5 I4, I5

B4.3.1. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.	B4.3.1. Coñece a maioría dos territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe da súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.	X		P4, P5 I4, I5
B4.4.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.	B4.4.1. Coñece a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.	X		P4, P5 I4, I5
B4.4.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.	B4.4.2. Describe aceptablemente con criterios sociolingüísticos a situación actual do galego.	X		P4, P5 I4, I5
B4.5.1. Identifica os procedementos de normalización.	B4.5.1. Identifica varios procedementos de normalización.	X		P4, P5 I4, I5
B4.5.2. Distingue normativización e normalización.	B4.5.2. Distingue normativización e normalización.	X		P4, P5 I4, I5
B4.5.3. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.	B4.5.3. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia.	X		P4, P5 I4, I5
B4.6.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.	B4.6.1. Recoñece algúns dos principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.		X	P4, P5 I4, I5
B4.6.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.	B4.6.2. Recoñece algúns acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.		X	P4, P5 I4, I5
B4.7.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.	B4.7.1. Sinala algúns prexuízos lingüísticos do galego e rebáteos.		X	P4, P5 I4, I5
B4.7.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos con argumentos.	B4.7.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos (se os ten) e procura eliminalos.		X	P4, P5 I4, I5
B4.8.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.	B4.8.1. Recoñece 3 ou 4 fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.		X	P4, P5 I4, I5
B4.8.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega.	B4.8.2. Recoñece moitos trazos da variedade estándar da lingua galega.		X	P4, P5 I4, I5
B4.8.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora. Recoñece interferencias habituais entre as dúas linguas oficiais.	B4.8.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora. Recoñece algunhas interferencias entre as dúas linguas oficiais.		X	P4, P5 I4, I5
B4.8.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica.	B4.8.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural.		X	P4, P5 I4, I5
B4.8.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas.	B4.8.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega.		X	P4, P5 I4, I5

Bloque 5. Educación literaria.

B5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.1.1. Identifica de xeito aceptable os distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	X	X	P4, P5 I4, I5
B5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.1.2. Comprende e explica algo dos distintos períodos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	X	X	P4, P5 I4, I5
B5.2.1. Le de xeito autónomo obras ou textos representativos das literaturas galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	B5.2.1. Le de xeito autónomo obras ou textos representativos das literaturas galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala algúns trazos característicos.	X	X	P2, P3, P4 I2, I3, I4
B5.2.2. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	B5.2.2. Elabora breves comentarios, de forma guiada, de textos de obras das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI e sinala algúns trazos característicos relacionándoos co contexto do período da literatura galega correspondente.	X	X	P4 I4
B5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	X	X	P2, P3 I2, I3
B5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español do século XX e XXI.	B5.3.2. Participa de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español do século XX e XXI.	X	X	P1 I1
B5.4.1. Elabora traballos individuais e/ou colectivos nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.4.1. Elabora traballos individuais e/ou colectivos nos que se describen e analizan brevemente textos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	X	X	P4 I4
B5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.	B5.5.1. Consulta algunhas fontes de información para a realización de traballos e citaas.	X	X	P4 I4
B5.5.2. Emprego de diferentes recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destes.	B5.5.2. Emprega algúns recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos.	X	X	P4 I4
B5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na	B5.6.1. Recrea textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula.	X	X	P4 I4

aula.				
B5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	B5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación.	X	X	P2 I2

Proposta de lecturas para ESA 3 e ESA 4

LITERATURA GALEGA	LITERATURA CASTELÁ
<i>Memorias dun neno labrego</i> , Xosé Neira Vilas. Galaxia.	<i>Todo esto te daré</i> , Dolores Redondo, Ed. Planeta
<i>Cartas a Lelo</i> , Xosé Neira Vilas, Ed. Galaxia.	<i>La puerta</i> , Manel Loureiro, Ed. Planeta.
<i>As horas roubadas</i> , María Solar, Ed. Xerais.	<i>Feminismo para torpes</i> , Nerea Pérez de las Heras, Ed. Martínez Roca.
<i>A miña planta de laranxa lima</i> , José Mauro de Vasconcelos, Ed. Primera persona.	<i>Las reinas de África</i> , Cristina Mataró, Ed. Plaza&Janes.
<i>Memorias de cidades sen luz</i> , Inma López Silva, Ed. Galaxia	<i>Las damas de Oriente</i> , Cristina Mataró, Ed. Plaza&Janes.
<i>As rulas de Bakunin</i> , Antón Riveiro Coello, Ed. Galaxia.	<i>Los olivos de Belchite</i> , Elena Moya, Ed. Suma de Letras
<i>Enderezo descoñecido</i> , Kressman Taylor, Ed. Xerais.	<i>Luna de lobos</i> , Julio Llamazares, Ed. Seix Barral.
<i>Irmán do vento</i> , M. Lourenzo González, Ed. Xerais.	<i>El niño con el pijama de rayas</i> , John Boyne, Ed. Salamandra.
<i>Os nenos da variola</i> , María Solar, Ed. Galaxia.	<i>Ensayo sobre la ceguera</i> , José Saramago, Ed. Alfaguara.
<i>Os ollos de auga</i> , Domingo Villar, Ed. Galaxia	<i>Soy leyenda</i> , Richard Matheson, Ed. Minotauro.
<i>A praia dos afogados</i> , Domingo Villar, Ed. Galaxia	<i>El señor de las moscas</i> , William Golding, Ed. Alianza.
<i>Os fillos do mar</i> , Pedro Feijoo, Ed. Xerais.	<i>1984</i> , George Orwell, Ed. Debolsillo.
<i>Un lume azul</i> , Pedro Feijoo, Ed. Xerais	<i>Rebelión en la granja</i> , George Orwell, Ed. Debolsillo.
<i>A caixiña dos rancores</i> , Héctor Cajaraville, Ed. Xerais.	<i>La buena letra</i> , Rafael Chirbes, Ed. Anagrama.
<i>De remate</i> , Héctor Cajaraville, Ed. Xerais.	<i>Tokio Blues, Norwegian Wood</i> , Haruki Murakami, Ed. TusQuet.
<i>Aqueles días en que eramos malas</i> , Inma López	<i>Carta a una desconocida</i> , Stefan Zweig, Ed.

Silva, Ed. Galaxia.	Acantilado.
<i>Os escaravellos voan á tardiña</i> , M ^a Gripe, Ed. SM	<i>Monstruo de ojos verdes</i> , Joyce Carol Oates, Ed. SM.
<i>Limpeza de sangue</i> , Rubén Ruibal, Ed. Xerais	<i>La novia gitana</i> , Carmen Mola, Ed. Alfaguara.
<i>Comedia bífida</i> , M. Núñez Singala, Ed. Galaxia.	<i>La sombra del viento</i> , Carlos Ruíz Zafón, Ed. Planeta.
<i>E se a memoria está na boca</i> , Ángel Suanzes, Ed. Urutau.	<i>Relatos de lo inesperado</i> , Roald Dahl, Ed. Anagrama.
<i>O soño sulagado</i> , Celso Emilio Ferreiro, Ed. Xerais.	<i>Relatos escalofriantes</i> Roald Dahl, Ed. Anagrama.
<i>Poetízate</i> , Fran Alonso (recomp.), Ed. Xerais.	

A listaxe de lecturas é aberta. O alumnado poderá escoller outras obras, previa consulta co docente.

5.-Metodoloxía.

É importante que o equipo de profesionais de cada centro educativo adapte o currículo ás características do contexto de ensino e realice os axustes necesarios para garantir o éxito do alumnado nestas aprendizaxes que constitúen a base do currículo das ensinanzas iniciais.

As propostas de traballo, xa que logo, deben estar centradas na implicación e participación activa do alumnado en diálogo co coñecemento. Deste xeito, adquirirá a competencia comunicativa necesaria para realizar as tarefas por iniciativa persoal e con autonomía. Para iso é fundamental que estean contextualizadas na realidade do alumnado e sexan adecuadas ás súas necesidades.

Esta concepción das tarefas, significativas e aplicables á vida das persoas adultas, implica realizar un achegamento multidisciplinar e global ao coñecemento, que debe conter múltiples estratexias de resolución de problemas en relación ás competencias clave da formación permanente. A proposta metodolóxica que máis se achega a este argumento didáctico e mellor responde ás necesidades dos diferentes estilos e niveis de competencia é o traballo por proxectos creativos, especialmente se son emprendedores.

Os proxectos que se propoñan deben conter actividades sinxelas, claras, ordenadas e sistemáticas para facilitar a adquisición das habilidades fundamentais de estudo e traballo individual e cooperativo.

Os estándares de aprendizaxe propoñen coñecer, comprender e utilizar axeitadamente o código lingüístico verbal da lingua de acceso ao currículo e, en menor grao, o dunha segunda lingua, así como códigos non verbais para procesar a información presentada en diferentes soportes e sistemas de representación, comunicarse con diferentes persoas en distintos contextos e con diversos fins, así como elaborar e expresar coñecemento.

Cómpre ter en conta que a linguaxe é unha ferramenta esencial para pensar e crear, establecer a ordenación de pensamentos e ideas, elaborar esquemas e representacións e utilizar as diferentes manifestacións culturais para enriquecerse, gozar e manter unha actitude de aceptación, tolerante e crítica cara a calquera manifestación que implique discriminación.

Por iso a metodoloxía didáctica será fundamentalmente práctica, participativa e comunicativa. Estará baseada na aplicación de procedementos sistemáticos básicos para o estudo e o traballo mediante a realización de tarefas e actividades significativas e aplicables a diferentes situacións reais. Na nosa pedagogía optaremos por darlle prioridade aos contidos procedementais pois consideramos que saber facer cousas coas palabras constitúe un requisito previo á reflexión sistemática sobre o código, a situación. A intención, o nivel comunicativo e mesmo a relación entre emisor e receptor. Incidiremos especialmente nos usos formais como a variedade estándar e a norma culta e a atención á oralidade. A educación lingüística non só implica aprender gramática senón tamén o modo máis axeitado de utilizar a lingua segundo a intención aos elementos presentes no acto comunicativo como acabamos de indicar.

Así, fronte a un estudo máis tradicional –historicista e gramatical-, optamos por un enfoque comunicativo de aprendizaxe lingüística dirixido a adquirir e desenvolver a competencia comunicativa mellorando as destrezas e procedementos.

Dadasas especiais condicións históricas que afectaron a nosa lingua, con perda da súa plenitude funcional e perda do aprecio dos falantes, consideramos necesario propoñer unha sociolingüística activa que favoreza un aumento de uso e de ámbitos no noso idioma.

Con respecto a literatura é importante ter en conta a influencia da comunicación audiovisual e a capacidade de sedución das mensaxes publicitarias. Os novos enfoques da educación literaria poñen o acento na construción escolar de hábitos lectores provendo o uso da biblioteca e internet.

En síntese, buscaremos unha metodoloxía que:

- Fomente o interese con actividades motivadoras e atractivas.
- Esixa a posta en práctica dos contidos.
- Favoreza a cooperación.
- Se axuste ao rigor na execución das actividades, nos prazos de entrega, e na presentación.

6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Serán os mesmos para os dous módulos:

BLOQUES de CONTIDOS, porcentaxe na nota e procedementos e instrumentos para avaliar:

Bloques de contidos oficiais	% nota	Procedementos e instrumentos avaliación
Escoitar e falar (comunicación oral)	25	Exposicións orais individuais -De lectura -De tema individual -Debate -Participación aula

Ler e escribir (comunicación escrita)	35	Lecturas Traballos Comentarios Exercicios na aula
Funcionamento da Lingua (Coñecemento da Lingua)	25	Exame escrito Traballo Exercicios na aula
Lingua e sociedade	5	Actividade na aula
Educación literaria	10	Lectura de obras literarias (con proba escrita, entrevista, exposición e traballo)

7. MATERIAIS E RECURSOS.

Para uso diario: Carpeta de argolas (na que se separen os folios) para exercicios escritos, e demais material escolar (como mínimo bolígrafo, lapis e borrador). Ordenador na aula de informática.

MÓDULO 3: O profesor entregará fichas fotocopiadas para traballo na aula.

MÓDULO 4: O profesor entregará fichas fotocopiadas para traballo na aula.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Debemos asegurar a igualdade de oportunidades a todos os alumnos/as e ofrecer as mesmas posibilidades de formación básica común. Por esta razón articularase de forma coherente co principio de atención diferenciada á diversidade, sobre todo cando hai unha variedade tan grande de alumnos en canto á súa idade e procedencia.

Os ámbitos nos que se manifesta a diversidade son variados. Tradicionalmente a escola enfatizou nun deles, a capacidade para aprender e prestou menos atención ás diferenzas de motivación, estilos de aprendizaxe e intereses, esquecendo a interdependencia deste catro factores no proceso de ensino-aprendizaxe.

A mellor maneira de atender á diversidade é coas medidas curriculares:

- Concretamos na programación a flexibilidade que se indica no currículo para facela adaptada á realidade da aula (os contidos aquí amosados así o deixan ver).

- Realizamos una avaliación inicial, onde se detectan as necesidades e intereses do alumnado.

Aínda que a programación de aula en unidades didácticas trata de adaptarse ás características do grupo de clase, sucede que existen alumnos e alumnas que non son capaces de seguir o currículo oficial. Para este alumnado precísase arbitrar outras medidas de atención, que se concretarán ao coñecerlos.

Este concepto abrangue a atención aos alumnos estranxeiros e aos alumnos con necesidades educativas especiais. Por isso, para os alumnos estranxeiros –se os hai- que descoñecen a nosa lingua e cultura procuráselles adaptar o currículo, por exemplo con lecturas e tarefas que poidan asimilar.

9.- Elementos transversais.

Desde o tratamento dos contidos, as imaxes e os textos da Literatura universal foméntanse valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a defensa da

liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados coa educación e seguridade viaria, o desenvolvemento sustentable e a protección do medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, e as situacións de risco derivadas do uso do TIC.

Lalín, setembro 2020